



## Os obradoiros de tecnoloxía crea R para nenos e nenas chegan a Lugo

- *Tras recalar en Cambre (feira da ciencia 'Open Science'), Pontevedra (foro de emprendemento 'Pont-Up Store') e no núcleo coruñés do Milladoiro, os obradoiros crea R aterran agora en Lugo para lles achegar de novo as novas tecnoloxías a nenos e nenas de entre 7 e 12 anos.*
- *Os obradoiros tecnolóxicos desenvolveranse o sábado 22 no espazo multiusos de Afundación Abanca Lugo e volverán incidir no fomento das habilidades sociais e emocionais e da creatividade dos/as pequenos/as.*
- *O periplo outonal dos obradoiros tecnolóxicos crea R pecharase en novembro tras o seu paso polo concello pontevedrés de Nigrán.*
- *O operador galego mantén a súa aposta pola formación tecnolóxica dos/as máis pequenos/as e xa son máis de 3.300 mozos e mozas os/as que gozaron dos obradoiros didácticos de crea R.*

**Xoves, 20 de outubro de 2022.-** Os obradoiros **crea R** continúan o seu percorrido de outono e esta fin de semana achegarán á capital lucense este plan didáctico pensado para os/as pequenos/as da casa coas novas tecnoloxías e a innovación como eixos centrais.

A idea básica é incidir na aprendizaxe e o emprendemento fomentando, de forma lúdica, as habilidades emocionais e sociais e a creatividade en nenos e nenas de 7 a 12 anos. Este sábado 22, entre as 11:00 e as 13:00 h, os/os pequenos/as poderán achegarse, no espazo multiusos de Afundación Abanca Lugo ((Praza Maior, 16/ Praza Santa María, s/n, 27001) a conceptos fundamentais de condutividade e electrónica; e aprenderán a deseñar tamén as bases dun sistema automatizado de rega.

### **Tres obradoiros temáticos: tinta condutiva, cortocircuitos e rega intelixente**

Nos obradoiros **crea R** de Lugo haberá tres propostas para os/as máis novos/as, en función da súa idade:

“Contos que cobran vida”. Para nenas e nenos de 7 e 8 anos.

Creando tinta condutiva, aprenderán a **integrar conceptos de electrónica** con pilas e elementos condutores. Cando saiban como funcionan, artellarán un conto para, finalmente, engadir luces *led* á súa historia.

“Sala de operacións”. Para nenas e nenos de 9 e 10 anos.

Dunha maneira educativa e divertida, mediante a creación dun 'xogo de operacións' que deseñarán e programarán ao seu gusto, os/as pequenos/as aprenderán conceptos básicos de condutividade e sinais dixitais, e tamén o **funcionamento dun cortocircuíto**. Todo iso, a través da chamada placa *microbit* e de diferentes elementos electrónicos.

“Sistema de rega intelixente”. Para nenas e nenos de 10 a 12 anos.

Aprenderán a deseñar un sistema automatizado que detecta o nivel de humidade e a temperatura das plantas para **saber cando deben regarse**, baseándose en sensores de humidade, un sensor térmico integrado e unha placa controladora. Ademais, crearán, dunha maneira visual e amigable, un sistema que lles sirva para entender os datos obtidos.

A través dunha experiencia divertida, os/as pequenos/as conseguen ter máis seguridade en si mesmos/as e dar saída ao seu talento. Aí están, ademais, os **valores do emprendemento** e o núcleo dos chamados “conceptos STEAM”: Ciencia, Tecnoloxía, Enxeñaría, Arte e Matemáticas. Á vez, deixan de ser meros/as consumidores/as pasivos/as de tecnoloxía e botan man dela creando e aprendendo. Para conseguir estes obxectivos, **crea R** conta coa bagaxe do método educativo de **Líbolis**, a escola pioneira do emprendemento infantil na nosa comunidade.

Para apuntarse e coñecer máis detalles dos obradoiros crea **R**, esta é a ligazón: <https://blog.mundo-r.com/gl/quecheparece/talleres-crea-r>

## **Máis de 3.300 mozas e mozos e outras localidades**

Con esta acción, que **R** leva anos desenvolvendo, o operador galego mantén a súa aposta permanente pola formación tecnolóxica dos/das pequenos/as. De feito, son xa máis de 3.300 mozos e mozas os/as que gozaron dos obradoiros tecnolóxicos crea **R** dende o inicio da súa traxectoria.

Tras o paso por Lugo, os obradoiros viaxarán a Nigrán o 12 de novembro, completando así esta nova fase da acción lúdica de **R**, dos seus “obradoiros de tecnoloxía para pequenos grandes xenios”.

**comunicación R**

[prensa@mundo-r.net](mailto:prensa@mundo-r.net)

[R.gal](http://R.gal)